



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS VINTE E OITO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E NOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL NOVE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezasete horas e trinta minutos do día vinte e nove de setembro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xose L. Martínez Blanco, D^a. Luz Senra Lorenzo, Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel Anxo Pazos Barros, D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D^a. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; escusa a non asistencia a Concelleira do PP. D^a. Irene Ligeró Iglesias e a interventora municipal; actuando a Secretaria Xeral do Concello D^a. Paula Ramos Díaz Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3280.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 28/07/2009.- De conformidade co disposto no artigo 91 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta da acta da sesión realizada con data 28 de xullo de 2009, núm. 427, a que quedou aprobada por unanimidade.

3281.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria do Concello dáse conta do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que segue: "3273.- CONTRATACIÓN, APROBACIÓN CERTIFICACIÓNS N^o 7 E N^o. 8 CORRESPONDENTE ÁS OBRAS DA CASA DE CULTURA DE RAXÓ, DE ARIAS HERMANOS, SL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao departamento de contratación e remitiuse á Consellería de Cultura; 3274.- CONTRATACIÓN, SOLICITUDE DE

DEVOLUCIÓN DE AVAL N° 0182000593613 CORRESPONDENTES Á OBRA DA CASA DE CULTURA DE RAXÓ, DE ARIAS HERMANOS, SL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao departamento de contratación e notificouse á empresa solicitante, Construcciones Arias Hermanos, SL; 3275.- PsdeG-PSOE, MOCIÓN CONTRA A SUPRESIÓN DA GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO NO ENSINO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia e á Consellería de Educación; 3276.- PARTIDO POPULAR, MOCIÓN SOBRE O PROGRAMA DE GRATUIDADE SOLIDARIA DOS LIBROS DE TEXTO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao seu arquivo; 3277.- INTERVENCIÓN, PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DE REEQUILIBRIO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3278.- SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado aos departamentos afectados pola modificación aprobada; 3279.- DAR CONTA DO ACORDO NÚM. 6911 ADOPTADO POLA XGL NA SESIÓN REALIZADA O 27/07/2009, PLAN CONCERTADO 2009, EMENDA DEFICIENCIAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Dirección Xeral de Familia e Benestar."

A Corporación dáse por enterada.

3282.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria do Concello dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario, as que estiveron a disposición dos concelleiros xunto cos demais asuntos da orde do día.

Polo Sr. Domínguez Lino ponse de manifesto que desde o Partido Popular quérese denunciar a cantidade de decretos da alcaldía, nos que se levantan reparos de intervención ás facturas presentadas polo bigoberno do PSOE e do BNG de Poio.

Dá a sensación que o verán lles deu forza para abrir a man e dicir a "todo si" con respecto a todo das facturas. Exsisten reparos en intervención en relación:

Posibles subvencións indirectas, horas extraordinarias, volvemos a ter unha vez máis e incumprindo as promesas da Sra. Besada, máis de 21 traballadores excedendo as horas extraordinarias anuais permitidas.

Reparos nas contratacións de persoal que realizan. E non é un invento do Partido Popular, senón que o din continuamente nos informes de intervención.

Reparos en comidas, en contratacións sen cumprir a correspondente lei de Contratos.

É dicir que unha vez máis o Partido Popular venlle a demostrar o descontrol e despilfarro que realiza o

bigoberno e cos informes que obran neste punto demóstrase a cantidade de reparos feiros pola Intervención.

A Sra. Besada Lores di que no que se refire ás horas extraordinarias o ideal sería realizar máis contratacións de persoal pero cando se ía facer, o Sr. Domínguez Lino dixo que non se podía contratar máis persoal e de todos os xeitos temos que dar as grazas ao persoal que fai estas horas por ter os camiños limpos e os servizos ao día.

A Corporación dáse por enterada.

3283.- RATIFICACIÓN ACORDO XGL NUM. 6983, DE APROBACIÓN PROPOSTAS FESTAS LOCAIS ANO 2010.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado a instancia do escrito remitido pola Consellería de Traballo e Benestar-Servizo de Relacións Laborais de data 22 de xullo de 2009, que tivo entrada no Rexistro Xeral o 27 de xullo de 2009, núm. 3881, no que solicita deste concello a realización da proposta das festas locais para a determinación do calendario laboral para o ano 2010 da Comunidade Autónoma de Galicia, proposta que debe ser remitida antes do 30 de setembro de 2009.

Con data 17 de agosto de 2009 sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, por razón de urxencia, acordo núm. 6983, escrito da alcaldía de data 10 de agosto de 2009, na que se propón como festas locais para o ano 2010 o xoves 24 de xuño, festividade de San Xoán e o venres 24 de setembro, Nosa Señora da Mercé, sendo aprobada por unanimidade.

Sendo ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 18 de agosto de 2009.

Non subscitándose debate ningún e sometido á votación e polo voto favorable dos dezaseis membros presentes, sendo dezasete o seu número legal de membros, o Pleno desta Corporación acordou:

Primeiro: ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local núm. 6983, polo que se acordou establecer como festas locais para o ano 2010 os días 24 de xuño, festividade de San Xoán e o 24 de setembro, festividade da Merce.

Segundo: que se remita o presente acordo á Consellería de Traballo-Servizo de Relacións Laborais.

3284.- CONTRATACIÓN, APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚM. 9 CORRESPONDENTE ÁS OBRAS DA CASA DE CULTURA DE RAXÓ, DE ARIAS HERMANOS, SL.- Pola Secretaria dáse conta da certificación núm. 9 da obra correspondente á Casa de Cultura de Raxó, por un importe de 263.639,23 €, acompañada

pola factura M-36000-074, a que corresponde descontar 23.267,81€ (non acreditadas) e 23.220,43 € en concepto de materiais utilizados na execución certificada na mesma que foron no seu día acopiados e abonadas.

A certificación foi conformada polos Directores de Obras D. Emmanuel Romero Parra e D. Miguel A. Martínez Muñoz e polo Aparellador Municipal D. Fernando Sevilla Ricote.

Consta no expediente informe da intervención municipal de data 10 de setembro de 2009, na que outros extremos a ter en conta, informa da existencia de crédito suficiente na partida 451.60100 para proceder a aprobación da certificación de obra unha vez deducido o importe das contías dos materiais acopiados así como pola intervención tómase razón do endoso da certificación núm. 9 da obra correspondente.

Pola Secretaria dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 15 de setembro de 2009, advertindo o erro padecido no mesmo no que se refire ao importe así que onde di: "217.150,99 €" debe dicir: "263.639,23 €" xa que o anterior importe corresponde ao total, deducido o importe das contías dos materiais acopiados.

Poñéndose de manifesto polo Sr. Villaverde Méndez que tamén existe un erro no ditame da Comisión de Facenda no sentido da votación xa que os dous membros do PP presentes na sesión realizada o 15 de setembro de 2009, non votaron a favor senón que se abstiveron.

Sendo tales correccións propias da Comisión de Facenda, Gobernación e Contas, a secretaria remite tal enmenda á aprobación da acta na correspondente sesión.

Non subscitándose debate ningún, o Pleno ao abeiro da Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro de 2007 e do establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares, en votación ordinaria e por dez votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP ACORDOU:

Primeiro.- Prestar aprobación á certificación ordinaria núm. 9 das obras comprendidas no proxecto "CASA DE CULTURA EN RAXÓ" por importe de 263.639,23 € dos que procede deducir 23.267,81 € e 23.220,43 € e factura núm. M-36000-074 por ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, SA., C.I.F. A-15008485.

Segundo: De conformidade co artigo 201 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público tomar coñecemento do acordo de transmisión dos dereitos de cobro a favor de Caixa Galicia.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo xunto coa documentación complementaria á Consellería de Cultura e Turismo

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Contratación, Intervención así como á Sociedade interesada comunicándolle que contra o mesmo pode, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 14.2º do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

3285.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN DEFINITIVA CONTA XERAL EXERCICIO 2008.- Dáse conta do expediente tramitado co motivo da aprobación definitiva, no seu caso, da conta xeral correspondente ao exercicio do 2008 e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de setembro de 2009 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente, de acordo co establecido no artigo 212.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 145, de data 30 de xullo de 2009, someténdose a información pública polo prazo de 15 días e 8 máis para que os interesados poideran presentar reclamacións, reparos ou observacións e que durante o citado prazo que rematou o día 28 de agosto de 2009, non se presentaron reclamacións, reparos ou

observacións en contra da mesma.

A Sra. Ligerio Iglesias que o seu grupo non vai votar a favor da aprobación da conta xeral polos mesmos motivos que o levaron a votar en contra da aprobación dos orzamentos e da liquidación.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP acordou, de acordo co previsto co artigo 24 do Regulamento Orgánico da Corporación, propón ao Pleno a adopción das dúas propostas: 1ª Aprobación definitiva da Conta Xeral exercicio 2008 e 2ª A non aprobación definitiva da Conta Xeral exercicio 2008."

Non suscitándose debate ningún, sométense a votación ordinaria as propostas da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación resultando:

Votación 1ª proposta: "Aprobación definitiva da Conta Xeral 2008".

Resultado: dez votos a favor (7 BNG e 3 PSOE) e seis votos en contra (PP).

Polo tanto e de acordo co resultado da votación efectuada, da que resultando aprobada a 1ª proposta non procede á votación da segunda, en cumprimento do establecido no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se presta aprobación ao Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o pleno da corporación ao abeiro dos artigos 22 e 47.1 da Lei 7/1985, de 22 de abril, de Bases do réxime local e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, **acordou:**

Primeiro: Prestar aprobación definitiva á conta xeral correspondente ao exercicio 2008.

Segundo: Remitir, xunto con certificación do presente acordo, copia do expediente obrante na Intervención deste Concello ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas antes do 12 de outubro do presente ano.

3286.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.- Dáse conta do expediente tramitado á proposta da alcaldía de data 08 de setembro de 2009, no que se propón a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Bens Inmobles incrementando o tipo de gravame a aplicar aos bens inmobles de características especiais do 0,6% ao 1,3% modificando así o artigo 7º da ordenanza existente, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 17 do 27 de xaneiro de 2009.

Consta igualmente no expediente ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de setembro de 2009 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e da proposta da Alcaldía de data 8 de setembro de 2009 que di o seguinte " Na actualidade, na Ordenanza Fiscal en vigor reguladora do Imposto sobre Bens

Inmobles do Concello de Poio, publicada no B.O.P nº17 de 27 de xaneiro do presente ano, no seu artigo séptimo, cando se regulan os tipos de gravamen, se establece un tipo de gravamen do 0,60% para os bens da natureza especial que no Concello de Poio son os terreos destinados a autopista de peaxe AP-9.

No apartado segundo do artigo 72 do TRLRFL se establece, con relación ao tipo de gravamen aplicable a este tipo de inmobles que os concellos poderán establecer para cada grupo deles existentes no municipio un tipo diferenciado, que en ningún caso poderá ser inferior ao 0,4% nin superior ao 1,3%. É por isto que se propón a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles incrementando o tipo de gravame a aplicar aos bens inmobles de características especiais do 0,6% ao 1,3%; a presente modificación sométese a consideración da Comisión Informativa de Economía e Facenda e posterior aprobación a o Pleno da Corporación." e do informe da intervención municipal de data 10 de setembro de 2009.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra de 4 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propoñer ao Pleno a súa aprobación."

Non subscitándose debate ningún e polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros, en votación ordinaria, e en virtude do disposto no artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime xeral, **acordou:**

Primeiro: Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 7 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmobles.

Segundo: Dispor a súa publicación mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia por un prazo 30 de días, segundo dispón o artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que aproba o texto refundido da Lei Reguladora as Facendas Locais.

3287.- MOCIÓN DO BNG E PSOE SOBRE CONSTRUCCIÓN DO HOSPITAL ÚNICO DA ÁREA SANITARIA NORTE DE PONTEVEDRA.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado por escrito presentado por D. Xulio Barreiro Lubián e D^a. Consuelo Besada Lores, voceiros do BNG e PSOE, no Rexistro Xeral con data 08 de setembro de 2009 en relación coa construción do Hospital Único na area sanitaria norte de Pontevedra.

Dáse conta igualmente do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de setembro de 2009 e que di o que segue: "Dáse conta da moción de data 31 de agosto de 2009 e data de entrada neste Concello de Poio o día 8 de setembro de 2009 na que, tras

unha ampla exposición de motivos, propón o seguinte acordo. "1.- Esixir á Xunta de Galicia a construción do Hospital Único da área sanitaria norte de Pontevedra, un equipamento que contarán cun mínimo de 800 camas dende a súa entrada en servizo. 2.- Reclamar do goberno galego a ampliación da carteira de servizos da área sanitaria de acordo coas necesidades sanitarias da mesma. 3.- Esixir da Xunta de Galicia o compromiso do financiamento e xestión 100% público deste Hospital. 4.- Garantir por parte do goberno galego os compromisos orzamentarios, de xestión e de execución que non supoñen nin máis atrasos nin máis atrancos na construción do hospital".

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido da moción manifestando que existía un proxecto para a construción e posta en servizo dun Hospital Único e agora co cambio da Xunta de Galicia hai unha volta ao punto de partida paralizano a construción do Hospital Único en Montecelo coa demora de servizos e prestacións.

A Sra. Besada Lores di que a Xunta de Galicia terá que dicir xa o que pretende facer con ese Hospital porque están invirtendo no Hospital de Montecelo. Deberían respectar os investimentos realizados no Hospital de Montecelo e facer un proxecto indicando cando, como e onde se faría.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación. "

O Sr. Barreiro Lubián explica como xa o fixo na Comisión de Facenda, que o Hospital Único foi motivo dunha mobilización reclamándoo e o Sr. Fraga estivo alargando este investimento durante moitos anos e agora que xa se contaba co proxecto de Montecelo e para marear un pouco máis, paran ese proxecto e plantexan contruír o hospital con 300 camas cando xa se contaba con 800, pedimos que se dote de financiación que se faga un centro de forma inmediata coas 800 camas e se dote o orzamento necesario.

A Sra. Besada Lores di que a aptitude da Xunta parece unha burla cara os cidadáns porque retrasan no tempo a construción dese hospital entendemos que é unha encuberta privatización da sanidade xa que con esta demora están enviando aos pacientes aos centros privados.

Pedimos que se execute canto antes ben sexa en Montecelo ou noutro lugar, o que é certo é que o bipartito xa investiu 60 millóns de € e pensaba seguir investindo porque xa estaba realizado o proxecto.

A Sra. Nieto García di que non comparten o punto 4 da exposición de motivos porque o 2 de xullo a Consellería anunciou a construción dun hospital único en Pontevedra e en ningún momento se falou de 300 camas porque se prevé que supere as 700 según se dixo desde a Consellería.

En cando ao punto 2º da moción vaise ter en conta todas

as necesidades.

No 3º punto, prevéense as mesmas alternativas de financiación que tiña o anterior goberno.

O actual goberno fixo 0% de convenios con entidades privadas e o anterior bipartito fixo un 44%.

O Sr. Barreiro Lubián di que sobre os convenios aínda non tiveron tempo a asinalos. Houbo declaracións do propio presidente que era a 3ª parte do que custaba Mahadahonda. Por parte da Xunta hai interese en facer o hospital único pero falta saber: como, onde e cando e agora mesmo estaría o proxecto executado e agora está parado.

Traeremos esta moción aquí todos os anos para que vexades que non nos enganades.

A Sra. Besada Lores di que efectivamente o PP encántalle soltar a nova coma un globo, cando ve que falo de 300 camas despois fálase de 700. O previsto para Montecelo é facelo de 800 e tamén terá que explicar o PP que fará o Hospital de Montecelo con 300 camas e co Hospital de Pontevedra.

É importante saber cando se fará porque a tecnoloxía avanzada necesítamola agora. Vostedes olvídense que o bigoberno solo gobernou 4 anos e encontrouse cunha sanidade de hospitais feitos fundacións e con convenios de sanidade privada.

O Sr. Piñeiro Murillo di que os investimentos en Sanidade están estipulados e penso que non vai investir máis en Pontevedra, e o outro día o Presidente da Xunta dixo que ía construír un Hospital en Vigo e se en cinco anos se construiu un hospital en Lugo non creo que en cinco anos se contrua un hospital en Vigo e outro en Pontevedra.

O Sr. Martínez Blanco di que resaltaría preguntar o porque do cambio: seguramente en Monte Carrasco farase unha fundación privada porque non sei se sabedes a cantidade de cartos que se tivo que empregar no Salnés para que ese Hospital se fixera público. A min ninguén me convenceu coa explicación do cambio.

Sometido a votación a moción presentada polo BNG e polo PSOE esta quedou aprobada por dez votos a favor (7 do BNG e 3 do PSOE) e 6 votos en contra do PP adoptándose o seguinte acordo:

1.- Esixir á Xunta de Galicia a construción do Hospital Único da área sanitaria norte de Pontevedra, un equipamento que contarán cun mínimo de 800 camas dende a súa entrada en servizo.

2.- Reclamar do goberno galego a ampliación da carteira de servizos da área sanitaria de acordo coas necesidades sanitarias da mesma.

3.- Esixir da Xunta de Galicia o compromiso do financiamento e xestión 100% público deste Hospital.

4.- Garantir por parte do goberno galego os compromisos orzamentarios, de xestión e de execución que non supoñen nin máis atrasos nin máis atrancos na construción do hospital.

3288.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A POSTA EN MARCHA URXENTE DO BONO SOCIAL DA FACTURACIÓN ELÉCTRICA.- Pola Secretaria do Concello dáse conta do expediente tramitado co motivo da moción presentada por D. Xulio Barreiro Lubián, voceiro do BNG de Poio, de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello o 8 de setembro de 2009, núm. 4641.

A proposta presentada foi ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de setembro e que di o que segue: "Dáse conta da moción de data 27 de agosto de 2009 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 8 de setembro de 2009 na que, tras unha ampla exposición de motivos, propón a adopción do seguinte acordo: "1. Instar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Comisión Nacional de Enerxía a adoptaren as medidas necesarias que garantan a extensión a todos os beneficiarios do bono social, e a súa aplicación efectiva nos prazos establecidos pola normativa vixente. 2. Instar ás Consellerías de Traballo e Benestar, e de Economía e Industria, e ao Instituto Galego de Consumo a poren en marcha, de xeito urxente, Planos de Comunicación, Información e Asesoramento sobre das últimas modificacións no sistema de tarifas eléctricas e da aplicación do bono social, orientadas tanto á poboación en xeral como especificamente aos potenciais beneficiarios."

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido da moción manifestando que segundo Fenosa existe o denominado "bono social" consistente nunha bonificación na factura eléctrica tratando de corrixir a importante repercusión económica que o novo sistema de tarifas ocasiona na economía da maioría dos consumidores domésticos e que non existe información, non se sabe a quen afecta, os límites, hai unha falta de información total.

A Sra. Besada Lores di que o seu grupo absterase ata o Pleno por non ter neste momento a información suficiente.

A Comisión por 2 votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 6 abstencións do PP e PSOE acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Plano a súa aprobación."

O Sr. Barreiro Lubián di que se está a comprobar que a liberación do mercado non mellorou as tarifas eléctricas xa que polo contrario se dispararon e con este panorama as familias poden ter problemas na súa economía e para iso creouse o Bono Social pero neste momento existe bastante desinformación ao respecto a pesar que mandan unha carta

produciuse un incremento na facturación ás familias e polo que solicitamos que se informe e se cree un protocolo para informar e axudar aos demandantes a facer as solicitudes non se sabe canto supón o aforro que supón acollerse ao bono social.

O Sr. Agís Gómez di que as persoas que se poden acoller ao bono social soen ser persoas que están bastantes desinformadas pero estamos de acordo que se de información aos veciños para que teñan coñecemento de todos os servizos e os beneficios que lle pode supor acollerse ao bono social.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que desde o PP están de acordo coa moción, e que toda a información que se poida dar é boa, ademais que a carta que se remite é bastante liosa.

Sometida a votación a moción presentada polo BNG esta quedou aprobada por unanimidade adoptándose o seguinte acordo:

1. Instar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Comisión Nacional de Enerxía a adoptaren as medidas necesarias que garantan a extensión a todos os beneficiarios do bono social, e a súa aplicación efectiva nos prazos establecidos pola normativa vixente.

2. Instar ás Consellerías de Traballo e Benestar, e de Economía e Industria, e ao Instituto Galego de Consumo a poren en marcha, de xeito urxente, Planos de Comunicación, Información e Asesoramento sobre das últimas modificacións no sistema de tarifas eléctricas e da aplicación do bono social, orientadas tanto á poboación en xeral como especificamente aos potenciais beneficiarios

3289.- MOCIÓN DO BNG E PSOE SOBRE MANTEMENTO DA RECEPCIÓN DE RESIDUOS VOLUMINOSOS PROCEDENTES DOS MUNICIPIOS ADHERIDOS POR PARTE DE SOGAMA.- Pola Secretaria do Concello dáse conta do expediente tramitado co motivo do escrito presentado por D. Xulio Barreiro Lubián e D^a. Consuelo Besada Lores, voceiros do BNG e do PSOE de Poio que tivo entrada no Rexistro Xeral o 10 de setembro de 2009.

Dita proposta foi ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de setembro de 2009 e que di o que segue: "Dáse conta da moción de data 25 de agosto de 2009 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 10 de setembro de 2009 na que, tras unha ampla exposición de motivos, propón a adopción do seguinte acordo: " 1. Instar á Xunta de Galiza e á Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) ao mantemento da recepción

de residuos voluminosos procedentes dos municipios adheridos, nas condicións que o viña facendo até agora, para o seu porterior tratamento por un xestor autorizado e conforme á normativa vixente. 2.No seu defecto, instar á Xunta de Galiza a que aporte unha solución alternativa e viábel, que non supoña un incremento do lixo dos concellos afectados.”

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido da moción manifestando que Sogama comunicou que a partir do 1 de setembro de 2009 non se vai facer cargo dos residuos voluminosos procedentes dos concellos adheridos. Haberá que mandalos a un xestor autorizado para que non proliferen os vertedoiros incontrolados, o que suporá un incremento do recibo.

Creemos que Sogama ten que cumprir co ontrato e seguir co servizo como ate agora.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”

O Sr. Barreiro Lubián di que desde que SOGAMA comezou a recoller os RSU fíxose cargo dos voluminosos, pareceunos lóxico porque é difícil chamar a alguén para que recolla un colchón vello. SOGAMA viña facilitando esa labor aos concellos cobrando evidentemente e nunha carta comunicounos que non se ía a facer cargo dese servizo. Nos queremos deixar de manifesto a falta de consideración cos concellos ao incremento de custos porque haberá que recorrer a xestores privados. Esta é a segunda vez que SOGAMA non cumpre cos concellos porque fai uns seis anos incrementou as cotas nun 34%.

A Sra. Besada Lores manifesta que opina o mesmo que o Sr. Barreiro polo tanto que se adhire ao exposto por el.

O Sr. Domínguez Lino di que o problema sobre a recepción dos residuos voluminosos en SOGAMA foi creado polo anterior goberno, sen dar unha solución concreta ao probela creado. Por certo como nos tiñan acostumados (e así lles foi).

O 30 de abril de 2008, é dicir co goberno bipartito xa en decadencia, o anterior conselleiro de Medio Ambiente, o Sr. Manuel Vázquez a súa vez, hoxe Secretario Xeral do PsdG PSOE, aprobou a autorización ambiental da planta de SOGAMA, impedindo que a compañía xestionase este tipo de residuos. Repito por se alguén non se enterou, aprobado o 30 de abril, polo anterior bipartito, igualmente que en novembro de 2008 aprobaron a Lei de Residuos De Galicia sen orzamentar fondos para paliar os efectos económicos sobre as administracións locais.

En definitiva que esta lei prevía que no 2008 (o bipartito) crean unha lei de residuos en Galicia, onde impiden que SOGAMA xestione os residuos voluminosos e non

presupostan dondas para axudar aos concellos.

Desde a consellería de medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas xa se están dando os pasos para arranxar o problema creado co anterior goberno aos concellos e chegouse ao acordo coa FEGAMP e o seu presidente, o socialista Carlos Fernández para establecer unhas liás de axuda aos concellos para xestionar os residuos voluminosos que cunha lei do anterior bipartito prohibe a SOGAMA realizar.

Polo tanto rexeitamos de pleno os 2 puntos da moción por: - O primeiro non o poder facer por lei e por unha lei de residuos de Galicia aprobada polo goberno do PSOE e BNG.

O segundo punto están en negociacións xa moi avanzadas coa FEGAMP para establecer axudas aos concellos.

O Sr. Barrreiro Lubián di que o bipartito aos concellos non se ocasionou ningún problema, e é precisamente o que pedimos é que se busquen solucións. Non estamos dispostos a cambiar a moción porque nos parece que está perfectamente redactada.

A Sr. Besada Lores di que está segura de que se gobernara o bipartito non teríamos este probela e nos temos que defender aos veciños de Poio.

O Sr. Agís Gómez di que a lei non di que os residuos os deben recoller os concellos, Sogama ten que tratar eses residuos e falamos que nos queren cargar os gastos aos concellos.

O Sr. Domínguez Lino di que se creou unha lei, e ao mesmo tempo creouse un problema per estanse dando os pasos para establecer unha liña de convenios.

O Sr. Barreiro Lubián di que o problema xerouse cando se creou SOGAMA a instancia de FENOSA, antes decía que o de SOGAMA era un auténtico absurdo. Gástase máis en gasóleo para queimar que en enerxía.

Sen máis subiron as cotas un 34 % non poden consumir enerxía, hai millóns de toneladas acumuladas e non queren máis residuos se agora che dan unha subvencións despois quítancho e o problema quedalle aos veciños. O problema creouse fai 15 anos e o culpable foi FENOSA.

O Sr. Alcalde di que é curioso falar da lei a nós iso comunicounolo o PP, o que está creando un sobre coste dos recibos do lixo. Xa que tanta rapidez en anular o do parque eólico e outras cousas non lle ve rapidez en que SOGAMA siga tratando os residuos.

Sometida votación a moción presentada esta quedou aprobada por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE) e 6 votos en

contra do PP, adoptándose o seguinte acordo:

1.- Instar á Xunta de Galiza e á Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) ao mantemento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos municipios adheridos, nas condicións que o viña facendo até agora, para o seu porterior tratamento por un xestor autorizado e conforme á normativa vixente.

2.- No seu defecto, instar á Xunta de Galiza a que aporte unha solución alternativa e viábel, que non supoña un incremento do lixo dos concellos afectados

NESTE MOMENTO SALE DO SALÓN DE SESIÓNS O CONCELLEIRO D. MANUEL DOMÍNGUEZ ÁLVAREZ.

3290.- CONTRATACIÓN, APROBACION CERTIFICACIÓN NÚM. 10 CORRESPONDENTE ÁS OBRAS DA CASA DE CULTURA DE RAXÓ, DE ARIAS HERMANOS, SL.- Pola Secretaria dáse conta da certificación núm. 10 da obra correspondente á Casa de Cultura de Raxó, por un importe de 126.851,15 €, acompañada pola factura M-36000-088, a que corresponde descontar 2.550,08 € (non acreditadas).

A certificación foi conformada polos Directores de Obras D. Emmanuel Romero Parra e D. Miguel A. Martínez Muñoz e polo Aparellador Municipal D. Fernando Sevilla Ricote.

Consta no expediente informe da intervención municipal de data 16 de setembro de 2009, na que outros extremos a ter en conta, informa da existencia de crédito suficiente na partida 451.60100 para proceder a aprobación da certificación de obra unha vez deducido o importe da certificación núm. 10 da obra correspondente.

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 22 de setembro de 2009 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e do informe da intervención municipal de data 10 de setembro de 2009 sobre a existencia de crédito suficiente para proceder á aprobación da certificación núm. 9 por importe de 263.639,23 € dos que corresponde descontar para proceder ao pagamento dos materiais utilizados na execución certificada na mesma que foron no seu día copiados e aboados. A comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dita certificación de obra e a transmisión dos dereitos de cobro nela incluídos. "

Non subscitándose debate ningún, o Pleno ao abeiro da Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro de 2007 e do establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares, en votación ordinaria e por

dez votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP ACORDOU:

Primeiro.- Prestar aprobación á certificación ordinaria núm. 10 das obras comprendidas no proxecto "CASA DE CULTURA EN RAXÓ" por importe de 126.851,15 € dos que procede deducir 2.550,08 € e factura núm. M-36000-088 por ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, SA., C.I.F. A-15008485.

Segundo: Dar traslado do presente acordo xunto coa documentación complementaria á Consellería de Cultura e Turismo

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Contratación, Intervención así como á Sociedade interesada comunicándolle que contra o mesmo pode, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 14.2º do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

3291.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN NUM. 13/2009 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- De conformidade co disposto no artigo 96 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

auséntase do Salón de Sesiós o Concelleiro D. Ángel Moldes Martínez.

Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado a proposta da alcaldía de data 15 de setembro de 2009 na que dispón que pola Intervención Municipal se emita informe sobre a Memoria da alcaldía da mesma data que forma parte do expediente e informe da normativa e o procedemento aplicable para crédito extraordinario financiado mediante remanente de tesourería para gastos xerais derivados do 2008.

O expediente foi ditaminado pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 22 de setembro de 2009 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente, da Providencia e Memoria da Alcaldía de data 15 de setembro de 2009 e do informe da intervención municipal de data 17 de setembro de 2009 relativo á modificación presupostaria proposta na Memoria da Alcaldía así como de informe de reparo relativo a varias facturas que constan no expediente.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 2 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente: 1º) O levantamento do reparo emitido pola intervención municipal e 2º) Aprobación da modificación nº 13/2009 de crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería para gastos xerais."

Comeza a deliberación o Sr. Barreiro Lubián explicando que se trata dun incremento de crédito financiado con remanente de crédito.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que o Grupo Municipal do PP vai votar en contra aínda que estamos de acordo no apoio ao comercio e como na Feira Mostra.

O Sr. Barreiro Lubián di que quere facer a observación de vos parece máis importante o Poio Mostra que a reparación do emisario submarino de Raxó, o que tendes é unha "jeta" impresionante.

O Sr. Domínguez Lino di que si que estamos de acordo coa factura de Poio Mostra pero o que non compartimos o resto.

O Sr. Barreiro Lubián di que ao PP soamente lle interesan os reparos e os mencionan para determinadas cousas.

O Sr. Alcalde di que neste momento existen unhas facturas que temos a obriga de aprobar, a que supón un coste máis alto é a reparación do Emisario de Raxó xa que Sanxenxo non colabora e para nos a factura está ben xustificada.

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 22 de setembro de 2009, este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 do BNG e 3 do PSOE), 5 votos en contra do PP e unha abstención do PP adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Proceder ao levantamento do reparo emitido pola intervención municipal

Segundo: Aprobación da modificación núm. 13/2009 de crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería para gastos xerais.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites legais procedentes

Unha vez rematada a deliberación e a votación do presente acordo volve a entrar no salón de sesións D. Angel Moldes Martínez.

3292.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN NUM. 14/2009 SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Pola Secretaria do Concello dáse conta do expediente tramitado co motivo da modificación de crédito núm. 14/2009, suplemento de crédito, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais.

O expediente foi ditaminado na Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 22 de setembro de 2009 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente, da Memoria da Alcaldía de data 15 de setembro de 2009 e dos informes da intervención municipal de datas 14 e 17 de setembro de 2009 relativos o informe de reparo relativo a varias facturas que constan no expediente e á modificación presupostaria proposta na Memoria da Alcaldía, respectivamente.

O Sr. Martínez Nacemento di que o seu grupo mantén o voto en contra e o explicarán no Pleno.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 2 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente: 1º) O levantamento do reparo emitido pola intervención municipal e 2º) Aprobación da modificación nº 14/2009 de suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais"

O Sr. Barreiro Lubián explica que neste caso trátase de acometer varios gastos que se financian co remanente de crédito do ano pasado e aínda quedan 1800000 €.

O Sr. Domínguez Lino que no pleno do mes de xullo presentouse un plan económico financeiro de reequilibrio por non cumprir a lei de estabilidade presupostaria, pero o gracioso é que é o segundo plan que presentan en menos dun ano e medio.

O primeiro plan do ano 2008 cargárono aos 4 meses de presentalo, pero este aprobado en xullo nin pasaron dous meses de ser aprobado, pero xa se lle advertiu no pleno pasado.

Ao Sr. Sobral e Sra. Besada iso da crise e austeridade non lles debe de soar ou crelo como facían outro. É inadmisíbel que o concello na penosa situación económica na que se atopa, como poden os seus dirixentes presentar unha modificación de crédito (a núm. 14) por un importe de 1100000 € e o máis grave que de ese 1100000 €, o 65% se destine a gastos correntes, é dicir, onde non é un investimento produtivo, nin gasto social e si é unha venta de favores.

Pasamos dun 39% de gasto corrente no exercicio 2008 a case un 49% neste exercicio é dicir unha política anti crise. A este ritmo deixarannos totalmente endebedados e sen un € no remanete de tesourería, é dicir unha verdadeira chapuza económica e sen ningún marxe de manobra.

A proposta do PP sería racionalizar o gasto, non facer gastos innecesarios, non dar cjeque en blanco a cada un que entra no concello, momentos de crise aguda e de austeridade, sacar o maior partido aos recursos propios e priorizar uns proxectos sobre outros.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que para o bo funcionamento das administracións estas deben de realizar investimentos, os que cren nun sistema socialista de verdade pensan que nestes momentos de crise débese de tirar do carro aínda que outros pensan que non.

As modificacións están para corrixir ao longo do ano as previsións iniciais do orzamento e é o normal. Este ano temos ao mellor un par de millóns máis de investimentos que se están executando.

Sobre investimentos produtivos é difícil calificalas como produtivas, este ano temos preto de 5 millóns de investimentos. Levades dicindo 8 anos que fai despilfarro despois de tantos anos resulta que o ano pasado tivemos 3700000 € de remanente e vostedes pretenden que o teñamos todo gardado no peto, e poder gastalos se goberna o PP, nos non pretendemos deixar o goberno en bancarrota o que queremos é que os veciños teñan servizos. Facendo as chapuzas que dicides vós a situación é mellor ca de fai 14 anos.

A Sra. Besada Lores engade que o Sr. Domínguez menciona

o plan económico financeiro e hai que dicir que é por dous anos.

Sobre a austeridade, fíxose un orzamento austero pero non recortamos tanto como para contribuí á crise e como temos remanente ampliamos os orzamentos que eran austeros.

Tamén me gustaría que lle puxera nome a esa "venta de favores" porque o que se fixo foron obras acometidas polo noso persoal e que se compra material e se realizamos as obras con este persoal aumenta o gasto corrente. Estase a traballar para que os veciños e veciñas de Poio e se o Sr. Domínguez coñece algún veciño que se lle fixo un favor que diga o nome e a obra.

O Sr. Barreiro Lubián di que no Concello de Poio non se dá un cheque en branco a todos os que entran pola porta ao mellor trátase que se fan arranxos ou reparacións aos veciños que veñen parte das necesidades, entón pregúntome se as cousas hai que facelas ou non tal e como plantexa a venta de favores.

A Sra. Besada Lores di que con respecto ao goberno de Zapatero si se recoñeceu a crise pero vostedes a estaban anunciando tres anos anos e recordarlle que cando entrou o Sr. Aznar o goberno encheu as arcas vendendo as empresas produtivas mentres que o Sr. González as creou.

O Sr. Alcalde di que esta semana o Presidente de Deputación falaba que tiña que sair ao rescate dos concellos pero sen embargo Poio non está nesa listaxe de Concellos, non o faremos ben pero non hai débedas con Sogama, Seguridade Social, Fenosa e podemos pagar as nóminas, imos apoiar a modificación porque se trata de gastos necesarios e gostaríame saber que vostedes digan en que non se debe gastar.

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 22 de setembro de 2009, esta quedou aprobado por 10 votos a favor (7 do BNG e 3 do PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Proceder ao levantamento do reparo emitido pola intervención municipal

Segundo: Aprobación da modificación núm. 14/2009 de suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites legais procedentes

3293.- URBANISMO, APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DA PARCELA 109, SITUADO EN RÚA ILLA DE TAMBO-A CAEIRA REDACTADO POLOS ARQUITECTOS S^a. SONIA ALVARADO PETIEIROS E D. ALBERTO LLANES GONZÁLEZ, VISADO O 05/08/2009.- Previa ratificación por unanimidade da inclusión do presente punto na orde do día sen estar previamente ditaminado pola Comisión Informativa correspondente.

Pola Secretaria do Concello dáse conta do expediente e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 29 de setembro de 2009 e que di o que segue: "Previa lectura do informe emitido pola Arquitecto Municipal que di textualmente:"Presentado o 13/04/2009 (entrada no Rexistro nº1883) por Carmen Esperón Sertal, en representación de Comunidade de montes vecinales en mano común de San Salvador de Poio, o escrito de alegacións contra a aprobación inicial do estudo de detalle da parcela 109 de Boa Vista, a técnico municipal que asina emite o seguinte INFORME:

Examinado o escrito de alegacións, dende o punto de vista técnico debo participa-lo seguinte:

1. Que si ben no título do acordo 6293 da Xunta de Goberno Local de 23/02/2009 denominouse o expediente como "de aprobación do proxecto de modificación e documentación refundida do estudo de detalle da parcela 109, situada na rúa illa de Tambo, A Caeira, promovido por Oreco, SA", debo dicir que o documento aprobado inicialmente non é unha "modificación" (entendida como "continuación" no expediente) do estudo de detalle aprobado definitivamente por acordo do Pleno do concello de 26/10/2004, senón que é un documento novo e tramitado independentemente do anterior xa que o primeiro foi anulado pola Sentenza de 08/02/2008.

No informe técnico de 04/07/2008, requírese á promotora a presentación dun documento completo do estudo de detalle para a súa tramitación, xa que non procedía a aprobación da modificación solicitada como documento do estudo de detalle anulado.

2. Polo exposto no punto anterior, non procede alegar a falla de xustificación do cumprimento do artigo 94º da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, relativo ás modificacións dos plans, xa que non se está a modificar documento de planeamento ningún aprobado definitivamente senón que se está a tramitar un documento novo.

3. En canto a que no informe desta técnico de 04/07/2008 indícase expresamente que "a modificación ten por obxecto dar cumprimento á sentenza de 08/02/2008", debo dicir que cando ó longo do informe digo "modificación" refírome á "diferenza" entre o contido do documento

aprobado definitivamente e o do novo que se pretende tramitar.

4. Por outra banda, lembro que a Sentenza do 08/02/2008 anula o estudo de detalle por un motivo subsanable, dicíndose no literal da Sentenza que si ben anúlase o acordo de aprobación definitiva do estudo de detalle por considerar que no interior da parcela 109-1 créase un vial público, considérase que de ser un vial privado non concorrería o motivo da anulación xa que no estudo de detalle dáse cumprimento ós parámetros edificatorios aplicables.

5. Sobre o alegado na páxina 3 do escrito de alegacións en canto que o estudo de detalle ten por obxecto sortear as deficiencias sinaladas na sentenza pero procurando manter intacto o resultado construtivo e de ordenación final, debo dicir que tal e como di a sentenza no estudo de detalle dáse cumprimento ós parámetros edificatorios aplicables, polo que tanto o resultado construtivo como a ordenación final non incumpren a Normativa xeral e a particular da Ordenanza 5 en grao B do PXOM, nin o artigo 104º da Lei 9/2002.

6. No que respecta ó carácter público ou privado do vial interior da parcela 109.1 debo lembrar que na parcela 109.1 distribúense tres grupos de vivendas unifamiliares pareadas formando complexo en parcela común tal e como permite a Ordenanza 5 en grao B. O acceso rodado esixible realízase no fronte da parcela á rúa illa de Tambo, fronte que cumpre o mínimo da Ordenanza 5 en grao B e que constitúe o límite físico entre o dominio público (a vía pública) e o privado (o interior da parcela 109.1, común ás seis vivendas).

7. Reitero a idea de que ó meu xuízo non é aplicable o artigo 94º.1 da Lei 9/2002 xa que non se tramita unha modificación puntual do estudo de detalle aprobado definitivamente xa que, tal e como se indica na conclusión do escrito de alegacións, trátase dun "novo" estudo de detalle. O feito de que coincida a ordenación prevista e o resultado físico e real, débese a que non se incumpra parámetro edificatorio ningún tal e como se di na Sentenza de 08/02/2008.

Polo exposto e no que é a miña competencia, propoño a desestimación da alegación presentada. "

E previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello que dí textualmente: " Visto o novo Estudio de Detalle da parcela 109 (documentación refundida) situado en rúa Illa de Tambo - A Caeira e redactado polos arquitectos Dna. Sonia Alvarado Peitieiros e D. Alberto LLanes González, visado o 5 de agosto de 2008, así como a alegación presentada por Dna. Carmen Esperón Sertal o 8 de abril de 2009, en Correos, en representación da Comunidade

de Montes en Man Común de San Salvador e o disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia modificada pola lei 15/2004, teño a ben informa-lo seguinte:

Primeiro; A Xunta de Goberno Local por acordo núm. 6293, adoptado en sesión celebrada o 23 de febreiro de 2009 acordou "prestar aprobación inicial ó estudo de Detalle da parcela 109 situada en rúa Illa de Tambo - A Caeira, promovida por "ORECO, S.A." e redactado polos arquitectos Dna. Sonia Alvarado Peitieiros e D. Alberto Llanes González, visado o 5 de agosto de 2008."

Segundo: O Estudo de Detalle aprobado inicialmente, foi sometido a información pública mediante anuncios publicados no Diario de Pontevedra de 10 de marzo de 2009, no Diario Oficial de Galicia, de 16 de marzo de 2009, e no Taboleiro de Anuncios do Concello

Terceiro: Durante a información pública no Servizo de Correos de Vigo, con data 8 de abril de 2009, presentouse unha alegación contra dito Estudo de Detalle por Dna. Carmen Esperón Sertal, actuando en nome da Comunidade de Montes en Man Común de San Salvador de Poio, solicitando que se archive o expediente de aprobación do Estudo de Detalle, denegando a aprobación definitiva do mesmo, en base ás tres alegacións que expón no seu escrito:

1ª: Neste apartado alega que non procede aprobar este Estudo de Detalle por ser unha modificación do anteriormente aprobado e anulado pola sentenza de 8 de febreiro de 2008, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia é o estar pendente do recurso de casación por razóns de seguridade xurídica considera que non debe aprobarse por infringirse os artigos 9,3 e 103 da Constitución .

2ª: Tamén alega a infracción do disposto no art. 94 a lei 9/2002 (cita erroneamente do ano 2009) de 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia, por considerar que tratándose dunha modificación do Estudo de Detalle anterior non se xustificaron as razóns de interese público que esixe dito precepto legal para calquera modificación do planeamento urbanístico.

3ª: Alega igualmente a existencia de desviación de poder na aprobación deste Estudo de Detalle

Cuarto: Con data 4 de maio de 2009 a Arquitecto Municipal emite o informe correspondente sobre as alegacións presentadas por Dna. Carmen Esperón, rematando propoñendo a desestimación da alegación presentada polos fundamentos que expón en dito informe, que en sintexis son os seguintes:

1.- Que o Estudo de Detalle aprobado inicialmente non é unha modificación do aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de outubro de 2004, senón un novo Estudo de Detalle.

2.- Por iso considera que non procede xustificar o cumprimento do art. 94 da Lei 9/2002 por que non se trata dun modificado senón dun novo Estudo de Detalle.

3.- Aclarando igualmente que a referencia que facía no seu informe de 4/07/2008 á modificación, refírese á diferenza entre o contido do documento anterior aprobado definitivamente e o novo que se pretende aprobar definitivamente.

4.- Considera tamén que a sentenza anula o Estudo de Detalle por un motivo subsanable, por considerar o Tribunal que no interior da parcela 109-1 crease un vial público e que de considerarse un vial privado non concorrería o motivo da anulación xa que no Estudo de Detalle anulado dase cumprimento ós parámetros edificatorios aplicables.

5.- Que o novo Estudo de Detalle non incumple a normativa xeral e en particular a ordenanza 5 en grao B, nin o art. 104 da lei 9/2002.

6.- Aclarando así mesmo o obxecto do Estudo de Detalle en canto se pretende aprobar a ordenación de volumes da parcela 109-1 e cumpre coa ordenanza 5 en grao B.

Quinto: Habéndose dado audiencia no expediente á sociedade "Oreco, S.A.", con data 18 de maio de 2009 presenta escrito no Concello no que manifesta a súa disconformidade ás alegacións presentadas por Dna. Carmen Esperón Sertal, rematando solicitando que se continúe coa tramitación do expediente e se aprobe definitivamente o Estudo de Detalle da parcela 109.

Sexto: Este informante considera que as alegacións presentadas por Dna. Carmen Esperón, de conformidade con el informe emitido pola Arquitecto Municipal o 4 de maio de 2009 e as alegacións da sociedade "Oreco, S.A.", no seu escrito de 14 de maio de 2009, entregado no Concello o 18 de maio de 2009, procede desestimar as alegacións presentadas.

Septimo: Igualmente deben desestimarse as infraccións legais que alega no seu escrito Dna. Carmen Esperón Sertal en base as seguintes consideracións xurídicas.

A) Que non existe infracción ningunha dos arts. 9.3 e 103 da Constitución, que regulan os principios de seguridade xurídica e interdicción de arbitrariedade das administracións públicas, xa que habéndose presentado pola nova propietaria dos terreos da parcela 109 "Oreco, S.A." un novo Estudo de Detalle, visado o 5 de agosto de 2008, subsanando o erro que existía no anulado polo Tribunal Superior un vial, que o Tribunal considerou como público, tratándose en realidade dun acceso privado ás vivendas da parcela común 109-1, esta obrigado o Concello a tramitar este novo Estudo de Detalle e prestar aprobación ó mesmo se cumpre coa normativa vixente, polo que considero que non

existe infracción ninguna dos preceptos citados da Constitución.

B) Tampouco existe infracción ningunha do art. 94 da lei 9/2002, de 30 de decembro, xa que tratándose da aprobación dun novo Estudo de Detalle, presentado ademais por outra empresa promotora distinta á que presentou no seu día o Estudo de Detalle anulado, non é aplicable o disposto no art. 94 de dita lei.

C) E non existindo tampouco na actuación do Concello de Poio nin o mais mínimo indicio de desviación de poder, nin de fraude de lei, non soamente por que non se proba a súa existencia a alegante, senón tamén por que a actuación municipal axustouse escrupulosamente á normativa legal e ás previsións do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Por todo iso, considera este informante que pode a Corporación, previo dictame da Comisión Informativa de Urbanismo, desestima-las alegacións presentadas por Dña. Carmen Esperón Sertal, por carece-las mesmas de base legal e proceder a aprobar definitivamente o novo Estudo de Detalle da parcela 109 visado o 5 de agosto de 2008, adotando o correspondente acordo plenario por maioría simple e seguíndose os trámites indicados no informe desta asesoría Xurídica de 13 de xaneiro de 2009"

E previa lectura do informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello que dí textualmente:

"Asunto: Comisión informativa urbanismo 28 de setembro de 2009. Expediente de aprobación definitiva de estudo de detalle da parcela 109, Illa de Tambo, A Caeira.

Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal pertencente ás Subescalas de Secretaría-Intervención e Secretaría, categoría de entrada, en cumprimento do establecido no artigo 195 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, emite o seguinte INFORME

1. Antecedentes de feito.

• Examinado o expediente consta, entre outra, a documentación que se relaciona de seguido:

• Documentación refundida estudo de detalle, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de 5 de agosto de 2008 redactado polos arquitectos Sonia Alvarado Peitieirol e Alberto Llanes González, presentado con data 25 de agosto de 2008, número rexistro de entrada 4581.

• Informe conxunto do arquitecto que presta servizos baixo contrato administrativo, D. Juan Mugarra Fernández-Roel e do aparelador municipal de 19 de xaneiro de 2009 con asunto Estudio de detalle da parcela 109, documentación refundida.

• Informe do asesor xurídico de 13 de xaneiro de 2009 con asunto: expediente de aprobación do proxecto de

modificación e documentación refundida do estudo de detalle da parcela 109, situada en rúa Illa de Tambo-A Caeira.

- Informe de secretaría de 13 de febreiro de 2009 con asunto: legalización de actuacións en parcela 109 en A Caeira: Estudio de Detalle.

- Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo de 17 de febreiro de 2009 sobre expediente de aprobación do proxecto de modificación e documentación refundida do estudo de detalle da parcela 109, situada en rúa Illa de Tambo-A Caeira.

- Informe do asesor xurídico de 17 de febreiro de 2009 con asunto: expediente de aprobación do proxecto de modificación e documentación refundida do estudo de detalle da parcela 109, situada en rúa Illa de Tambo-A Caeira.

- Certificación de acordo adoptado por Xunta de Goberno Local de 23 de febreiro de 2009 aprobando inicialmente o estudo de detalle da parcela 109 situada en rúa Illa de Tambo, A Caeira.

- Escrito de Carmen Esperón Sertal de 26 de febreiro de 2009, numero rexistro de entrada 1045 de 26 de febreiro de 2009.

- Publicación de anuncio no Diario de Pontevedra de 10 de marzo de 2009 e no Diario Oficial de Galicia nº 52 de 16 de marzo de 2009.

- Informe da arquitecto de 4 de maio de 2009.

- Escrito de 8 de abril de Carmen Esperón Sertal, numero rexistro de entrada 1883 de 13 de abril de 2009.

- Remisión do escrito presentado á sociedade propomotora.

- Escrito de alegacións da sociedade promotora de 14 de maio de 2009, núm. 2545 de rexistro de entrada de 18 de maio de 2009.

- Informe do asesor xurídico de 12 de xuño de 2009.

2.Consideracións xurídicas.

Primeira.- Alcance do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de 23 de febrero de 2009.

A funcionaria que susbcribe o presente informe puxo de manifesto con data 13 de febreiro de 2009:

"...Oitava.- Verdadero procedemento a aplicar.

Realizadas as anteriores consideracións, e partindo da postura adoptada pola corporación e de que a sentenza do TSXG non é firme, o procedemento a seguir non é a aprobación nun novo proxecto de estudo de detalle, senon con caracter previo terase que proceder a eliminar o acto de aprobación de 24 de marzo de 2005 mediante expediente de revisión de oficio tramitado conforme ao artigo 102 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común a salvo que operen motivos de mera oportunidade na

ordenación da zona, para posteriormente tramitar e aprobar o novo proxecto.

En atención ao exposto, non procede elevar o expediente de aprobación do novo estudio de detalle para as parcelas 109.1, 109-2, 109-3 e 109-4 en A Caeira á comisión informativa para ser aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local en tanto ou ben se xustifique un novo criterio de ordenación das parcelas ou partindo da declaración de nulidade da sentenza pese e por non ter firmeza, ou se de inicio a expediente de revisión de oficio no sentido xa comentado....".

Ditas consideracións seguen a ter vixencia, igual que o resto do contido do informe ao que me remito. Isto é seguen a plantexarse dous alternativas diferenciadas:

- Documento refundido partindo do contido do fallo da sentenza anulatoria. Posibilidade rexeitada por canto segundo os informes obrantes no expediente non se estaría a executar provisionalmente a decisión xudicial.

- Nova ordenación en exercizo da discrecional potestade de planemento ou mera obriga de tramitar e resolver sobre un novo documento técnico presentado por Oreco, S.L.

Polo que á vista do informe da arquitecto de 4 de maio de 2009 e tal como reclamaba esta funcionaria, deberá aclararse o alcance do acordo adoptado e da documentación técnica que serviu de base á mesma con data 23 de febreiro de 2009, de forma que si se trata dunha nova ordenación haberá que verificar se é necesario adoptar algunha das medidas previstas nos arts 102 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Da mesma forma e respecto da nova ordenación ou novo texto é preciso verificar o cumprimento das esixencias establecidas polo Tribunal Supremo entre outras, en Sentencia de 17 de xuño de 2009, nº de recurso 5491/2007 ou na tamén recente Sentenza de 29 de abril de 2009, nº de recurso 4089/2007.

En caso contrario, o presente informe enténdese emitido con carácter desfavorable.

Así mesmo, de ser ese o criterio que se adopte (nova ordenación ou novo texto), é preciso reiterar que o estudo de detalle afecta ás parcelas 109-3, 109-4 e 109-5 para ás que se outorgou licencia de primeira ocupación pese ao informado por esta Secretaría con data 13 de febreiro de 2009."

Sometido este asunto a votación, esta resulta:

Votos a favor: Cinco, dos membros do B.N.G., e do P.S.O.E.

Votos en contra: Catro, dos membros do P.P., por que se adhieren ó informe da Secretaria Xeral.

Abstencións: Ningún.

Polo que se informa favorablemente o estudio de detalle. "

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Inforamtiva de Urbanismo de data 29 de setembro de 2009, este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 do BNG e 3 do PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Desestimar as alegacións presentadas por D^a. Carmen Esperón Sertal, de conformidade coas consideracións realizadas nos informes emitidos polos técnicos municipais.

Segundo: De acordo co disposto no artigo 86 da Lei 9/2002, do 30 de setembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia prestar aprobación definitiva ao Estudo de Detalle da Parcela 109, redactado polos arquitectos Dna. Sonia Alvarado Peitieiros e D. Alberto Llanes González, visado o 5 de agosto de 2008.

Terceiro: Dar conta do presente acordo ao departamento de urbanismo para a a realización dos trámites que correspondan e ós interesados con indicación de que contra o mesmo poderán directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición

Contenciosa-Administrativa. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen oportuno. ”

MOCIÓNS URXENTES.- Preséntanse as seguintes.

3294.- URBANISMO, MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.- De conformidade co disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese polo Sr. Alcalde sométese a consideración do pleno por urxencia o presente acordo, a que quedou aprobada por unanimidade, así mesmo dáse conta do expediente tramitado a consecuencia do escrito remitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data de entrada no Rexistro Xeral o 31 de agosto de 2009, núm. 4468, no que se xunta o texto da modificación dos estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, aprobados por Decreto 213/2007, do 31 de outubro e para dar cumprimento ao disposto ao artigo 226.3 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e medio rural de Galicia, no que se concede o prazo dun mes para presetnar as alegacións que se estimen convintes.

Dáse conta igualmente do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 29 de setembro de 2009 e que di o que segue: “Previa declaración de urxencia, adoptada por unanimidade dos asistentes e previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello, que di textualmente:

“Visto o escrito do Secretario Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura, de 25 de agosto de 2009, que tivo entrada no Concello o 31 de agosto de 2009, rexistro núm. 4,468, comunicando ó Concello que se está tramitando unha modificación dos estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, tendo o Concello o prazo de un mes para alega-lo procedente, teño a ben informar o seguinte:

PRIMEIRO: A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, foi creada por Decreto 213/2007, do 31 de outubro, atribuíndolle no art. 3 g) as seguintes funcións:

A potestade sancionadora e de restitución e reposición da legalidade así como a competencia para outorgar as autorizacións administrativa, na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, segundo o establecido na lei 22/1998, de 28 de xullo, de Costas, sen prexuízo das competencias atribuídas ó Consello da Xunta de Galicia.

E o artigo 17 do Decreto, limitaba a 4 anos á duración do mandato do Director da Axencia.

SEGUNDO: Segundo a proposta de modificación dos estatutos, polo decreto que se xunta, modifícase o art. 3 g) eliminando como función da Axencia outorgar as autorizacións administrativas na zona de servidume de protección de dominio público; vindo iso motivado polo previsto no Decreto 316/2009, de 4 de xullo, polo que se procede á creación na Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio de Urbanismo, dunha nova unidade á que lle corresponde á preparación de tódalas autorizacións administrativas de competencia desta Consellería, o que supón unha maior coordinación no seu outorgamento.

A modificación do art. 17 dos estatutos da Axencia suprime o prazo de catro anos de mandato do Director da Axencia

TECEIRO: De conformidade co art. 226.3 b) da lei 9/2002, de 30 de decembro, modificada pola lei 15/2004 esta modificación que pretende a Xunta está suxeita ó trámite de audiencia ós Concellos durante o prazo de un mes.

Por todo iso, considerando que a modificación que se pretende non afecta para nada ás competencias municipais, considero que non procede facer alegación ningunha, xa que coa modificación preténdese soamente atribuír ó Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente a xestión de tódalas autorizacións de uso que se concedan en tódolos solos rústicos, de calquera natureza eliminando a atribución inicial que se había dado á Axencia para conceder estas autorizacións no solo rústico de protección de costas."

Esta Comisión acorda: Adherirse a dito informe e que se pase a Pleno do Concello."

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 22/09/2009 este quedou aprobado por unanimidade.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Non se producen

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e unha horas, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria, dou fe.